



O 22/06/2023 tivo entrada neste centro directivo un escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, no que se solicitaba o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante RPT) do devandito departamento.

A dita solicitude acompañábase da seguinte documentación:

- Memoria xustificativa
- Memoria económica

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (DOG núm. 251, do 31 de decembro), e con base nas competencias que lle confire o artigo 25 apartado 2.F.a) do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSA emite o seguinte

## INFORME

**PRIMEIRO.** A modificación proposta ten por obxecto a constitución dunha unidade temporal de persoal inspector de Saúde Pública de Matadoiro, que dependerá da Consellería de Sanidade, para desenvolver un proxecto piloto de matadoiro móbil, promovido pola Consellería do Medio Rural coa finalidade de dar servizo a pequenas explotacións gandeiras con sistemas de crianza tradicional e extensiva que están en zonas de montaña afastadas dos grandes núcleos de poboación, preto dos cales se asentan na maioría das ocasións os matadoiros e industrias cárnicas.

**SEGUNDO.** A proposta de modificación da RPT que se somete ao informe da DXSA consiste na creación dos dous seguintes postos de traballo:

CENTRO DE DESTINO: DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA						
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO	NIVEL	CORPO/ ESCALA	F. PROV.	ADS. ADMIN.
SA.UAT.20.005.27160.005	Inspector/a Veterinario/a Matadoiro	A1	24	ESV	C	AXG
SA.UAT.20.005.27160.005	Inspector/a Veterinario/a Matadoiro	A1	24	ESV	C	AXG





Proponse a creación dunha unidade temporal de persoal inspector de Saúde Pública de Matadoiro, composta por dous postos de traballo de Inspector/a Veterinario/a Matadoiro, para realizar os controis oficiais que se realizarán no matadoiro móbil segundo o establecido no Regulamento (UE) 2017/625.

Segundo se recolle na memoria xustificativa, a Consellería de Sanidade non ten a posibilidade de dotar de persoal a devandita unidade con postos existentes na súa relación de postos de traballo. Esta unidade terá unha vixencia temporal coincidente coa do proxecto piloto de matadoiro móbil, 30 meses comprendidos entre o 01/07/2023 e o 31/12/2025.

### **TERCEIRO.** Custos

Segundo se recolle na memoria económica remitida, a creación de postos proposta supón un custo de 56.361,97 € en 2023; 112.723,94 € en 2024 e 112.723,94 € en 2025, que será financiado mediante unha baixa de crédito no capítulo VI da Consellería do Medio Rural e unha ampliación de crédito no capítulo I da Consellería de Sanidade.

A dita memoria económica deberá ser obxecto de análise e informe por parte da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Á vista de todo o anterior, esta Dirección Xeral de Simplificación Administrativa **INFORMA FAVORABLEMENTE** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade.

O director xeral de Simplificación Administrativa

Jesús Oitavén Barcala

*(Documento datado e asinado dixitalmente na marxe)*

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA. CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dirección Xeral de Simplificación  
Administrativa  
Edifícios administrativos - San Caetano s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.conselliariadefacenda.es](http://www.conselliariadefacenda.es)

Páxina 2 de 2

